



CURSO 2023-2024

MÍNIMOS ESIXIBLES NO 3º CICLO DE
ED. PRIMARIA

5º E 6º DE ED. PRIMARIA

CEIPP DE PALMEIRA



QUINTO ED. PRIMARIA

ÁREA DE LINGUAS

1. Ler textos en voz alta con fluidez e precisión.
2. Elaborar un texto cunha estrutura clara e coherente.
3. Comprender o significado dun texto oral ou escrito , distinguindo, de maneira xeral, a información máis salientable.
4. Identificar a lingua galega oral e escrita con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...
5. Expresarse cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
6. Utilizar os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
7. Identificar as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).
8. Realizar o resumo dun texto sinxelo.
9. Diferenciar as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
10. Aplicar xeralmente as normas de acentuación xerais.
11. Recoñecer as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, adxectivo e verbo.
12. Identificar e clasificar os diferentes tipos de enunciado: afirmativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.
13. Recoñecer e usar sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso frecuente.
14. Identificar as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
15. Identificar algúns recursos literarios.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números de ata 8 cifras (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas).



2. Realización de operacións e cálculos numéricos sinxelos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situacións de resolución de problemas.
3. Descompoñer de forma aditiva números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.
4. Operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
5. Identificar múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.
6. Realizar sumas e restas de fraccións co mesmo denominador e calcular o produto dunha fracción por un número.
7. Realizar operacións sinxelas con números decimais.
8. Descompoñer números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.
9. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
10. Comparar e ordenar medidas dunha mesma magnitude.
11. Trazar unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.
12. Calcular o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
13. Aplicar de forma intuitiva ás situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.
14. Realizar e interpretar gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

1. Buscar información relevante, elaborar informes e comunicar os resultados en diferentes soportes.
2. Efectuar búsquedas guiadas de información na rede.
3. Manifestar autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ter iniciativa na toma de decisións.
4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
5. Identificar os aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explicar as principais funcións.



6. Identificar algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explicar algunhas actuacións para o seu coidado.
7. Clasificar aos seres vivos e nomear as principais características atendendo aos seus reinos.
8. Coñecer e clasificar materiais segundo as súas propiedades.
9. Describir a diferenza entre masa e volume.
10. Identificar e explicar as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables.
11. Observar e identificar os elementos dun circuíto eléctrico e construír un.
12. Observar, identificar e explicar algúns efectos da electricidade na vida cotiá.
13. Coñecer algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

1. Buscar información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
2. Realizar as tarefas encomendadas e presentar os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
3. Describir como é e de que forma se orixinou o Universo e explicar os seus principais compoñentes, identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.
4. Definir e representar o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asociar as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.
5. Definir clima, nomear os seus elementos e identificar os factores que o determinan en España.
6. Explicar que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas



- do planeta e describir as súas características principais.
7. Describir e sinalar nun mapa os tipos de climas de España.
 8. Identificar, respectar e valorar os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.
 9. Definir demografía e poboación, comprender os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á poboación.
 10. Interpretar unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
 11. Identificar a idea de idade da historia e datar a Prehistoria, Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.
 12. Situar nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Prehistoria, Idade Antiga e Idade Moderna en España.

ÁREA DE INGLES

- Contidos que terán que superar a nivel oral y escrita

Gramática :

- Where are you from? Where is he/she from?
- What's your favourite ... ? His/Her favourite ... is ...
- What do you like? What does he/she like?
- It's on (March) (31st).
- Adverbios de frecuencia.
- Presente en interrogativa, afirmativa e negativa. La "s" terceras personas.
- Presente continuo en afirmativa interrogativa e negativa.
- Comparativo
- Pasado do verbo to be en afirmativa



-There is there are en afirmativa,negativa e interrogativa.

-Pasado de verbos regulares en afirmativa.

Vocabulario: (mínimo cinco palabras) sobre os tópicos:

- Países.
- Profesións.
- Números ordinais nas datas
- Tempo libre
- Novas tecnoloxías.
- Froitas e verduras.
- Deportes.
- Roupas.
- Animais.

CEIPP DE PALMEIRA



SEXTO ED. PRIMARIA

ÁREA DE LINGUAS

1. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade.
2. Comprender as ideas principais , secundarias e o sentido literal nun texto oral, buscar información concreta e interpretar metáforas, personificación, ironías.
3. Producir textos de diferente tipoloxía: descrición, teatro, entrevista, **cómic, poesía, conto...**
4. Participar activamente na aula: conversacións, exposicións, traballos en equipo, respectando as quendas de palabra e a opinión dos seus compañeiros.
5. Realizar resumos, esquemas e subliñado de ideas nun texto.
6. Elabora textos cunha estrutura clara, con coherencia, cohesión, respectando as regras de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación), ortográficas e de acentuación.
7. Expresar adecuadamente respectando normas morfosintácticas (concordancia verbo, xénero e número).
8. Recoñecer e distinguir as características dos diferentes xéneros literarios.
9. Usar axeitadamente e recoñecer as formas persoais e non persoais (presente, pasado, futuro) do verbo nas súas tres conxugacións.
10. Recoñecer certas categorías gramaticais (determinantes, sustantivos, verbo, adxectivos, adverbios, preposicións e conxuncións)
11. Diferenciar suxeito e predicado nunha oración.
12. Distinguir algúns recursos literarios (simil, metáfora, personificación, hipérbole)
13. Identifica os tipos de enunciados (enunciativo, interrogativo, exclamativo, imperativo, optativo, dubitativo, desiderativo)

ÁREA DE MATEMÁTICAS

1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números de ata nove cifras (naturais, enteiros, fraccións e decimais ata as centésimas).
2. Realización de operacións e cálculos numéricos sinxelos mediante diferentes procedementos, incluída o cálculo mental, que fagan referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
3. Descompoñer de forma aditiva números maiores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.
4. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.
5. Interpretar unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano de casas e maquetas) realizada a partir dun sistema de referencia e de obxectos ou situacións familiares.
6. Nun contexto de resolución de problemas sinxelos, anticipar unha solución razoable e buscar os procedementos matemáticos máis axeitados para abordar o proceso de resolución. Valorar as diferentes estratexias e perseverar na busca de datos e solucións precisas, tanto na formulación coma na resolución dun problema. Expresar de forma ordenada e clara, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.
7. Iniciar a divisibilidade. Prioridades e uso de paréntesis.
8. Iniciar a potenciación. Identificar partes dunha potencia e cálculo.
9. Emprego o paso de magnitudes e a súa medida: lonxitude, capacidade, peso, tempo, superficie, volume, amplitude angular y valor monetario. Coñecemento das unidades del Sistema Métrico Decimal e as equivalencias. Puntos de referencia e estimación.
10. Coñecer as relacións entre as unidades de medida de capacidade e de volume, as relaciones entre as unidades de medida agrarias e de superficie. Coñecer os instrumentos de medida e precisión dunha medición. Aproximación e/o encadre.



11. Coñecer as figuras planas: elementos e propiedades. Figuras con simetría axial e/o rotacional. Iniciación ao cálculo de perímetros e de áreas dunha figura xeométrica.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

1. Buscar información en diferentes soportes, analizar a información manexando táboas, gráficos, esquemas e resumos, adquirindo un vocabulario axeitado aos temas tratados.
2. Clasificar diferentes tipos de mapas.
3. Definir clima e nomear os seus elementos.
4. Definir paisaxe e identificar os seus elementos.
5. Recoñecer no mapa o relevo e os ríos máis importantes de Europa.
6. Explicar as causas e consecuencias do cambio climático.
7. Localizar no mapa os membros da Unión Europea.
8. Interpreta unha piramide de poboación e outros gráficos.
9. Explicar o proceso da evolución da poboación en España.
10. Identificar os tres sectores de actividades económicas.
11. Identificar diferentes tipos de empresas e describir diversas formas de organización empresarial.
12. Definir as etapas da historia ata actual, coñecendo os feitos máis representativos.
13. Realizar as tarefas encomendadas e presentar os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

1. Busca en diferentes soportes, selecciona e organiza a información obtendo conclusións, expresándoas de maneira oral ou escrita.
2. Identifica os principais órganos.
3. Identifica os aparellos que interveñen nas función vitais.
4. Observa, investiga e explica os ecosistemas, hábitats e relación entre os seres vivos.



5. Identifica e explica as características das diferentes formas de enerxía así como os riscos e beneficios das enerxías renovables.
6. Explica cambios no movemento, forma e no estado dos corpos e os efectos do calor.
7. Identifica e coñece os diferentes tipos de máquinas, os seus compoñentes e as súas utilidades.
8. Identifica os elementos que compoñen un circuíto eléctrico.
9. Efectuar procuras guiadas de información na rede.
10. Manifestar autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ter iniciativa na toma de decisións.
11. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións

ÁREA DE INGLÉS

Contidos que terán que superar a nivel oral y escrita

Vocabulario:(a lo menos cinco palabras de cada tópico) :

-

- Tempo libre
- Geografía
- Receitas e comida
- lugares na cidade
- Inventos

Gramática:

- Tercera personas de presente en afirmativa negativa e interrogativa
- Like+verbo+ing
- There is there are en afirmativa ,interrogativa e negativa. Some e any.
- Pasado de los verbos regulares en afirmativa, negativa e interrogativa.
- Pasado de cinco verbos irregulares en afirmativa.
- Futuro inmediato en afirmativa.